

Premio de Novela Manuel García Barros

O Concello da Estrada, sensible co proceso cultural de Galicia, entende que un dos bens máis prezados da nosa Comunidade é o da creación literaria, aspecto de salientable significación no marco da Lingua e da Cultura, que redunda nun amplo desenvolvemento da propia identidade. Neste marco de referencia enténdese que calquera estímulo facilita e posibilita unha mellora no eido da literatura e é polo que así entendido, no proceso de normalización cultural, crea o **Premio de Novela 'Manuel García Barros' (Ken Keirades)**. Ademais deste xeito, quere testemuñar a admiración e respecto e manter a presenza de Manuel García Barros, contribuíndo ao espallamento da súa persona e a importante achega que a súa obra supuxo para as letras galegas.

Bases:

1. Poderán concorrer ao premio todos autores e autoras de calquera nacionalidade que presenten os orixinais escritos, acordes coa normativa oficial vixente en lingua galega. Os textos presentados deberán ser inéditos e totalmente orixinais.
2. Os orixinais serán presentados por sextuplicado exemplar en papel tamaño folio ou en holandesa, mecanografados a dobre espazo **antes do 11 de abril de 2008** na Casa do Concello, Praza da Constitución, 1 - 36680 A Estrada (Pontevedra).
3. Con cada orixinal que deberá ser presentado baixo lema, xuntarse, en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título da novela.
4. O premio terá unha dotación de 9.015 euros que se distribuirá indivisiblemente nun único premio.
5. O xurado estará composto por cinco membros escolleitos entre recoñecidos persoeros do mundo da cultura actuando un deles como secretario/a a proposta e en representación da Corporación do Excmo. Concello da Estrada. O premio concederáse por maioría de votos.
6. A composición do Xurado darase a coñecer no día, lugar e hora que se comunicará oportunamente.
7. Unha vez emitida a resolución do xurado procederáse á apertura da plica gañadora no curso dun acto público na data e no lugar que se anunciarán que se anunciarán previamente.
8. O premio poderá ser declarado deserto.
9. O acto de entrega do devandito XX PREMIO DE NOVELA Manuel García Barros «Ken Keirades», será no lugar, día e hora que se comunicará oportunamente.
10. O Excmo. Concello da Estrada resérvase, durante o prazo de un ano, os dereitos de publicar a obra premiada, en todas linguas do Estado. Neste sentido, o autor o autora renuncia a favor do Concello da Estrada, na primeira edición, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor.
11. No caso da súa solicitude por escrito, enviaráanse aos/as autores e autoras e ao seu cargo, nun prazo de tres meses, aqueles orixinais non premiados. Transcorrido dito prazo serán destruídos.
12. A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como as decisións do Xurado designado, que serán inapelables.